



Arcebispado de Santiago de Compostela

Praza da Inmaculada, 1

15704 Santiago de Compostela

Compráceme remitirle, unha vez asinado polo Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, un exemplar orixinal do convenio de colaboración para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela,

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

**XUNTA
DE GALICIA**

Saída 6983 / RX 686574

Registro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Date 04/04/2023 13:27:22





CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela,

30 MAR. 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Julián Barrio Barrio, actuando en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo *"Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia"* asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como



de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Santiago de Compostela ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmoble, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Diocese de Santiago de Compostela para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio



cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.



Terceira.- Obrigas da Diocese de Santiago de Compostela

Pola súa banda, a Diocese de Santiago de Compostela comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica



Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.



O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,
de Compostela



Román Rodríguez González



O arcebispo da Diocese de Santiago



Julia Barrio Barrio





ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ANO 2023

BEN: igrexa de Sacos (parroquial de santa María)
SITUACIÓN: Vila de Abaixo, Santa María de Sacos Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)
PROTECCIÓN: O inmoble denominado igrexa de Santa María de Sacos está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 45068.

ACTUACIÓN: Obras de restauración da igrexa de santa María de Sacos (SAR 2022-0106)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 300.000,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRICIÓN: A igrexa de Santa María de Sacos é un pequeno templo románico construído a finais do século XII, que consta dunha soa nave e unha ábsida rectangular, máis estreita que a nave e de menor altura unida directamente a ela. A nave atópase cuberta por unha bóveda de ladrillo, rebaixada e sostida por arcos tamén de ladrillo lixeiramente apuntados e soportados por columnas acaroadas, que a dividen en tres tramos. Dispón de coro, realizado en formigón, en substitución do preexistente de madeira. A ábsida cóbrese cunha bóveda de granito de canón apuntado. O arco triunfal, enmarcado por unha arquivolta axadrezada con catro filas de tacos, e o arco faixón paralelo, son tamén apuntados e descansan sobre dous pares de columnas entregas. Na fachada occidental sitúase a porta principal de dúas arquivoltas de media cana que descansan sobre columnas de fustes monolíticos, con tímpano recortado en forma de arco esculpido con rosetas estreladas. Ao nivel dos saimeis da porta a fachada fai un chafrán horizontal. A espadana, de tres ocos, non é a orixinal senón que foi reconstruída a principios do século XX. Sobre a portada e totalmente descentrada sitúase unha seteira. A fachada setentrional da nave divídese en tres lenzos por dous contrafortes de sección rectangular que se corresponden coas columnas entregas do interior. No pano central sitúase unha seteira e no máis oriental unha pequena porta de arquivolta lixeiramente apuntada. Das columnas da porta só quedan os capiteis. O beirado presenta acubillas en caveto sobre modillóns decorados con diferentes temas. No extremo máis oriental da fachada sitúase a sancristía. A fachada meridional é moi similar á setentrional. O tramo correspondente á nave tamén se atopa dividida en tres lenzos. No máis oriental había unha porta con tímpano pentagonal, actualmente cegada, que non sobresa demasiado do chan debido a que por este lateral a igrexa se atopa bastante enterrada. Os dous tramos máis orientais dispoñen dun chafrán horizontal a media altura que os divide en dúas partes, igual que na fachada occidental. Os temas dos modillóns son distintos da fachada setentrional. A ábsida divídese en dous lenzos mediante un contraforte situado no centro que se corresponde co arco faixón do interior. No lenzo máis oriental sitúase unha pequena seteira. O beirado da ábsida componse de seis pequenos arcos de lixeira ferradura sostidos por modillóns en proa. Este tipo de beirado é moi frecuente na provincia de Ourense, mentres que na de Pontevedra só se atopa aquí e no mosteiro de Dozón.



A fachada oriental atópase dividida en tres panos por semicolumnas acaroadas que non chegan ata a cornixa. No centro desta fachada sitúase unha fiestra con arquivoltas e a abertura dunha seteira que se atopa actualmente cegada. Na coroa da fachada sitúase unha cabeza, posiblemente de bóvido, sobre a que se dispoñen dúas figuras cunha cruz potenziada enriba, que Bango Torviso ou Hipólito de Sá identifican como un lobo mirando cara a oriente e enriba un carneiro mirando cara occidente, mentres que Ángel del Castillo identifica a un dragón en vez dun lobo, e Rocío Sánchez Ameijeiras interpreta coma dous crocodilos aplastados pola cruz.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O templo sofre diversas patoloxías, algunhas son de orixe natural contra as que pouco se pode facer por frealas, pero a maioría débense a causas antrópicas, particularmente aquelas producidas polas desafortunadas intervencións que sufriu o edificio ao longo do tempo e que remataron por desvalorizalo non só esteticamente, senón tamén artisticamente.

Estas intervencións están, ademais, causando graves alteracións subxacentes nos elementos orixinais constitutivos da igrexa. Estas alteracións deben ser freadas con urxencia co fin de evitar que continúen a provocar danos e asegurar a correcta salvagarda do templo, así como o seu legado nas mellores condicións posibles a xeracións futuras.

Moitas destas intervencións son xa irreversibles, pero outras son aínda (se non reversibles) polo menos susceptibles de mellorarse para tentar frear así os danos que están a provocar.

A maior parte destas alteracións débense a dous factores principais: auga e sales solubles. O principal obxectivo para unha intervención óptima debe ser a eliminación destes dous elementos, que son os máis destrutivos tanto para o material pétreo como para as pinturas murais. A eliminación da humidade debe ser solucionada desde a cuberta e a eliminación de sales debe pasar pola eliminación de todos aqueles elementos estraños que están a producir este aporte extra de sales solubles. É dicir, as estruturas de cemento ou formigón, pola súa alta concentración de cloruros e sulfatos que traspasan aos materiais porosos (como a pedra ou os xesos dos frescos) cristalizando no seu interior e provocando presións que producen microfisuras internas que ao longo do tempo acaban por destruír estes materiais. Deste xeito conseguiríase non só frear as alteracións que está a sufrir o edificio, senón tamén devolverlle a súa unidade estilística.

A patoloxía que afecta ao exterior pódese resumir en:

- de orixe natural: colonización biolóxica e pátinas escuras
- de orixe antrópica: morteiros de cemento, óxidos, perda de revestimentos ou policromías e presenza de sales solubles
- estruturais: desplomes e desniveis na fábrica de granito e un estado de conservación deficiente da estrutura de madeira da cuberta
- construtivas: bufarda de acceso á espadana realizada con fábrica de ladrillo, encontros da cuberta cos paramentos mal resoltos ou en mal estado, presenza de elementos disonantes (tubaxes, cadro eléctrico...)

A patoloxía que afecta ao interior pódese resumir en:

- de orixe natural: pátina biolóxica e humidades
- de orixe antrópica: encintados, revocaduras e reintegracións de morteiro de cemento, estruturas de ladrillo e formigón, pátinas brancas e agrisadas, presenza de sales solubles, deterioración dos frescos e condensacións.



ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

1. Na cuberta

Á vista do estado de conservación da cuberta e da cantidade importante de filtracións de auga ao interior da igrexa que se están a producir a través dela, propónse a súa rehabilitación substituíndo a actual cobertura de tella plana por unha nova cubrición realizada mediante placa de fibrocemento granonda e tella cerámica curva.

Disporase un illamento térmico sobre as bóvedas da nave e ábsida e sobre o falso teito da sancristía. A cubrición executarase de xeito que se permita unha correcta ventilación do espazo entre a placa de fibrocemento e o illamento térmico, e baixo as tellas, para evitar condensacións. Na sancristía, reutilizarase, no caso de ser posible, o falso teito existente. En caso contrario disporase un novo falso teito de madeira maciza de castiñeiro.

En canto á estrutura, unha vez efectuada a demolición dos elementos de cubrición existentes, desmontarase toda a estrutura de madeira cuberta, incluíndo vigas, pontóns e cangos.

Realizarase unha clasificación das vigas, tras unha inspección visual, en función do seu estado de conservación, desbotando aqueles elementos que presenten deformacións excesivas, fendas, podremias ou ataques de insectos xilófagos que comprometan o seu comportamento estrutural. Estas serán substituídas por novas pezas de madeira de castiñeiro.

Os encontros das vertentes cos paramentos verticais realizarase mediante unha lámina de zinc, de ancho variable dependendo de cada caso, co fin de resolver o problema existente de que as cumieiras (tanto da nave coma da ábsida) se atopan por enriba do nivel das sopenas coas que remata.

Tamén se prevé levantar todas as sopenas e elementos de remate das cubertas para impermeabilizar correctamente a coroación dos muros e volver a recolocar as pezas dispoñendo unha lámina impermeable de EPDM autoadhesiva. Efectuaranse espigas que permitan a trabazón das pezas co muro.

Disporase unha fiestra de saída ao tellado para poder acceder ao campanario e colocarse unha nova varanda de protección no acceso á espadana.

2. Drenaxe

Á vista de que no diagnóstico termográfico realizado se detectan humidades por capilaridade, e que os muros se atopan enterrados, propónse a realización dunha drenaxe perimetral. Para a realización estes traballos será preciso un control arqueolóxico.

Unha vez efectuada a escavación, limparanse e encintaranse as partes dos muros enterradas, aplicarase un revestimento de morteiro de cal, sobre o muro, disporase unha lámina de drenaxe de nódulos con xeotéxtil incorporado e colocarase un tubo de drenaxe sobre unha cama de morteiro de cal en forma de cuña, rematando coa cubrición do tubo con grava envolta en xeotéxtil.

Na porta principal disporase unha canle para recollida das augas de precipitación e evitar filtracións ao interior da igrexa.

3. Fachadas

- Paramentos

Primeiramente, retiraranse os condutos eléctricos e a instalación de megafonía existentes nas fachadas.



Efectuarase unha limpeza superficial de todos os paramentos e sopenas, en seco por medios manuais. Realizaranse catas de limpeza previas para controlar o grao de limpeza idóneo. En caso de ser necesario empregarase auga desionizada e desmineralizada.

Para determinar o método de limpeza adecuado dos paramentos exteriores efectuáronse catas de limpeza en varias zonas. A cata CL02 realizouse na parte alta da fachada norte e a CL03 na parte baixa da fachada sur. Ambas foron efectuadas con cepillo de sedas naturais e auga desmineralizada e o resultado foi en ambos casos satisfactorio.

Realizarase un saneado das xuntas para retirar os encintados de morteiro de cemento existentes, mediante picado manual realizado con cicel e maceta e espátulas de madeira, limpando con cepillo de sedas naturais e soprando con aire a baixa presión. Os traballos deberán ser realizados co máximo coidado posible para non danar os bordos dos perpiños.

Nas zonas nas que se estea a producir desagregación do granito pola presenza de sales solubles, efectuarase unha desalcadura mediante aplicación de papetas de polpa de Celulosa.

Realizarase un encintado de todas as xuntas, tanto da fachada, coma das sopenas e da espadana, con morteiro de cal hidráulica natural. O morteiro irá entoadado lixeiramente con pigmentos inorgánicos de alta estabilidade. En ningún caso se poderán empregar pigmentos orgánicos xa que resultan inestables nun medio alcalino.

Na porta da fachada norte realizarase un pequeno enxerto de granito nas xambas e colocarase unha soleira de pedra na entrada.

Prevese tamén a apertura da seteira tapiada situada no testeiro da ábsida, así como da situada sobre o arco triunfal.

Por último, recolocarase a megafonía nunha zona do adro a determinar, incorporando un novo mastro de aceiro.

- Carpinterías

Proponse a substitución de todas as carpinterías existentes de aluminio, que non permiten ventilación da igrexa, por unhas carpinterías novas.

As portas exteriores e máis a da sancristía realizaranse en madeira de castiñeiro, acabado con pintura de aceite de liñaza.

As fiestras seteiras realizaranse con perfilaría de aceiro inoxidable areado, e vidro laminar 4+4, deixando unha separación entre eles para permitir unha ventilación continua do interior da igrexa.

4. Paramentos interiores

Nos paramentos interiores é preciso eliminar o revestimento superficial a base de árido, xeso e morteiro de cemento que cobre a maior parte dos muros da igrexa e que non os permite transpirar.

Para determinar o método axeitado de eliminación, realizáronse análises deste revestimento e efectuáronse catas de limpeza (CL04 e CL05) no muro oeste, na parte alta do coro. Ambas foron efectuadas con cepillo de sedas naturais e auga desmineralizada. No caso da CL04 o resultado é bastante satisfactorio, elimínase a capa gris clara superficial aínda que non se elimina completamente a capa branca inferior. No caso da CL05 o resultado é insatisfactorio, só se elimina a capa gris clara superficial pero non a gris escura de debaixo.

Polo tanto, tendo en conta a composición do revestimento, o resultado das catas de limpeza efectuadas, así como a dificultade que supuxo a toma de mostras deste revestimento para poder analizar, proponse efectuar un picado superficial e moi coidadoso dos paramentos de pedra, que deberá ser realizado, preferiblemente, por medios manuais, limpando con cepillo



de sedas naturais e soprando con aire a baixa presión, aínda que se poderán empregar medios mecánicos, coma bailaríns ou cicel de dentes, a moi baixa presión para non producir un desgaste excesivo na pedra, seguindo sempre as indicacións da dirección facultativa e do restaurador presente en obra.

Ao mesmo tempo realizarase un saneado das xuntas para retirar os encintados de morteiro de cemento existentes, mediante picado manual realizado con cicel e maceta e espátulas de madeira, limpando con cepillo de sedas naturais e soprando con aire a baixa presión. Os traballos deberán ser realizados co máximo coidado posible para non danar os bordos dos perpiaños. No caso de ser necesario, poderanse empregar ciceis mecánicos a moi baixa presión, previa aprobación por parte da dirección facultativa e do restaurador presente en obra, e seguindo as súas indicacións.

Efectuarase un picado dos revestimentos de morteiro de cemento existentes, realizado por medios manuais, ata a completa eliminación dos recubrimentos.

Eliminaranse as reintegracións de morteiro de cemento existentes, coma a da cornixa do presbiterio ou das molduras do nicho do Cristo, tamén por medios manuais, tan coidadosamente como sexa posible para non danar o soporte, limpando con cepillo de sedas naturais e soprando con aire a baixa presión.

Reintegraranse as molduras que se indiquen, con granito, identificando a nova peza engadida mediante unha textura diferente ou unha labra distinta, esbozando a moldura sen chegar a definila completamente.

Realizarase un revoco de morteiro de cal hidráulica natural en zonas puntuais que así o requiran, onde previamente se retirou o revoco de cemento existente, ou na parte alta dos muros da sancristía onde a fábrica de cachotería quede á vista.

Finalmente, realizarase un encintado de todas as xuntas con morteiro de cal hidráulica natural. O morteiro irá entoado lixeiramente con pigmentos inorgánicos de alta estabilidade. En ningún caso se poderán empregar pigmentos orgánicos xa que resultan inestables nun medio alcalino.

5. Coro

O actual coro de formigón, realizado en substitución do preexistente de madeira, é unha das intervencións realizadas no pasado século que máis desvirtúa visualmente a imaxe do templo e que distorsiona por completo a unidade estilística da igrexa de estilo románico.

Este coro é máis grande que o anterior, ao vulgar pola situación dunhas ménsulas aínda conservadas nos muros, onde probablemente apoiaba a estrutura de madeira, ocupando na actualidade case a metade da nave en planta.

Por este motivo propónse a súa substitución por un novo coro realizado en madeira e máis pequeno que o actual.

A escaleira resolverase mediante chapa de aceiro pregada e colgada da estrutura de madeira mediante redondos de aceiro nos que se soldará o pasamáns, tamén de redondo de aceiro. O conxunto irá lacado mediante pintura de protección.

Realizarase tamén unha escada de man para acceso ao campanario, mediante perfís tubulares de aceiro e pasamáns con redondo de aceiro, acabado o conxunto con pintura de protección.

6. Bóvedas

Na bóveda da ábsida non se realizará ningunha intervención, pois é onde se sitúan as pinturas



murais, cuxa restauración deberá acometerse unha vez realizadas as obras de restauración da igrexa.

No caso da bóveda da nave decídese conservala e minimizar a actuación, posto que non desvirtúa demasiado a imaxe do templo románico. Ademais, a pesares de estar realizada con cemento, unha vez freados os aportes de auga ao interior coa rehabilitación da cuberta, os posibles aportes de sales á pedra deberían eliminarse.

Polo tanto, propónse realizar unha limpeza manual da bóveda para eliminar pó, sucidade e restos do morteiro que a recubre. Posteriormente realizaranse pequenas reparacións en zonas onde o morteiro de recubrimento se atopa desprendido mediante un morteiro de cal, cuxa dosificación deberá valorarse e decidirse en obra previas probas efectuadas sobre pequenas zonas. A textura decidirse en obra co restaurador e a dirección facultativa, aplicando os criterios anteriormente establecidos.

Finalmente, aplicarase unha pintura ao silicato en toda a bóveda.



BEN: basílica de santa María a Maior

SITUACIÓN: rúa Isabel II e praza Alfonso de Fonseca, Pontevedra (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O inmovible denominado igrexa de Santa María a Maior, localizado no concello de Pontevedra, está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben de interese cultural segundo o que establece o decreto de 03.06.1931 (GAC do 04.06.1931) e o que se determina na disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) , e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985).

ACTUACIÓN: Obras de restauración da fachada principal e cubertas da cabeceira da basílica de santa María a Maior de Pontevedra (SAR 2021-0166)

INVERSIÓN ESTIMADA: 350.000,00 € (IVE incluído) PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 2 meses

DESCRIPCIÓN:

A construción de Santa María a Maior de Pontevedra iniciouse a finais do século XV ou principio do século XVI, de estilo gótico tardío-plateresco, con influencias do estilo manuelino portugués e renacentista.

Sitúase nunha zona alta do conxunto histórico da cidade, no que previamente existiu unha igrexa románica, dominando o río e aberta ao barrio da Moureira, na que se asentaban os Mareantes, cuxo gremio promoveu e costeou as súas obras.

O gremio de Mareantes foi a entidade civil máis antiga de Pontevedra e o primeiro gremio do mar de España cun gran poder económico proveniente da pesca e os derivados como o peixe salgado (fundamentalmente a sardiña) e o aceite obtido do seu prensado. A pesares disto a envergadura do proxecto fixo que se tardaran ao redor de cen anos na súa construción e que tiveran que recibir axudas de fidalgos que construíron as súas propias capelas.

O templo ten planta basilical, con tres naves divididas en tres tramos, a central máis alta, cubertas por bóvedas de complicadas crucerías con múltiples claves historiadas e douradas. Varias capelas se acaroan ás naves laterais. Na súa construción participaron destacados arquitectos e mestres de obra como Diego Gil, Cornelis de Holanda, Joao Noble, ou o compostelán Domingo Fernández.

Exteriormente destaca a súa fachada principal ao oeste, obra dos mestres Cornelis de Holanda e Joao Noble, unha das xoias da arquitectura plateresca galega, con estrutura de retablo pétreo con tres corpos abundantemente decorados.

Existen certas diferencias estilísticas nos motivos escultóricos deste retablo entre o lado da Epístola e a do Evanxeo debido a dobre autoría da fachada. Nela podemos ver a san Pedro e san Pablo o resto de apóstolos, personaxes bíblicos e outros históricos como Cristóbal Colón ou Hernán Cortés. Por riba do rosetón sitúase a figura da Virxe da Asunción e rematando a fachada un Calvario e a cristería típica do estilo Manuelino portugués. Á dereita desta fachada levántase a torre do campanario.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Nos anos 2020 e 2021 a DXPC promoveu a obra de restauración da cuberta das naves central e laterais, as cristerías, as vidreiras e outros elementos arquitectónicos. Agora, co fin de completar a intervención, é importante que se leve a cabo a restauración das restantes



cubertas por onde entra a humidade, a fachada principal (que ten a pedra moi meteroizada) e a torre das campás que está afectada pola proliferación de vexetación que está causando deterioración.

Na actualidade, a Basílica de Santa María A Maior presenta unha serie de patoloxías e danos que precisan ser reparados:

- A cuberta da ábsida e a cuberta anexa lateral sur, nas que non se interveu no ano 2020 presentan as mesmas deficiencias que xa foron resoltas nas naves laterais e central do templo. Atópanse tellas desprazadas e rotas. Asemade, na vertente norte da cabeceira, a pendente é insuficiente para o correcto funcionamento da solución construtiva existente.
- Os canlóns da cuberta son de pintura de caucho sobre morteiro. Debido a súa materialidade e a súa escasa dimensión resultan insuficientes para a cantidade de auga que teñen que evacuar.
- Resulta necesaria a adecuación da pasarela de paso e escaleiras de acceso ás cubertas para mantemento e conservación destas.
- As principais patoloxías nas fachadas pódense resumir na deterioración das cristerías e na proliferación de vexetación e fungos naquelas zonas onde actúa a escorrentía da auga.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que permitan a recuperación do ben. As actuacións que se contemplan son:

- Restauración completa da cristería e da fachada de Cornelis de Holanda.
- Renovación da cuberta e mellora do sistema de evacuación de augas pluviais da zona da cabeceira.
- Impermeabilización dos canlóns.
- Limpeza da ábsida.
- Reparación dos paramentos interiores, danados pola humidade.



BEN: igrexa de Santiago (ex Colexiata) de Cangas

SITUACIÓN: rúa Real, núm. 26, Cangas (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O inmoble denominado igrexa de Santiago (ex-colexiata) está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido no catálogo complementario de monumentos e conxuntos histórico-artísticos obxecto de protección das Normas subsidiarias de planeamento e no catálogo do Plan básico autonómico. Segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) está incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

ACTUACIÓN: Restauración da pía bautismal da igrexa de Santiago de Cangas (SAR 2022-0029)

INVERSIÓN ESTIMADA: 10.000,00€ (IVE incluído) PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 2 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de Santiago de Cangas foi elevada ao rango de Colexiata polo Papa Paulo III en 1545. A fachada, non se construíu ata 1585, sendo proxectada por Xácome Fernández, e constitúe unha das mellores mostras renacentista en Galicia.

Tamén podemos admirar a torre, do século XVIII, distribuída en dous corpos con sendas balaustradas.

De planta basilical de tres naves, algúns tramos cúbreanse con bóvedas estreladas, sobre columnas; a capela maior ten tamén bóveda estrelada, ao exterior contrafortes nas esquinas, cristería oxival dexenerada, gárgolas e pináculos.

A fachada, que é a obra máis recente, ten dous corpos de columnas estriadas xónicas e compostas, e fornacinas con varias imaxes.

Todo o conxunto é de estilo plateresco-renacemento.

No interior do templo, entrando á esquerda, atópase a pía bautismal realizada en pedra granítica.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A pía bautismal presenta un estado de conservación diferencial con algunhas alteracións de gravidade que afectan á súa estabilidade estrutural.

A alteración máis destacable é unha greta que percorre perimetralmente todo o vaso. Nesta apertura obsérvanse elementos de ferro oxidados, algúns deles recollidos con chumbo que coa humidade dilataron e fracturaron a pedra granítica. Un anel metálico percorre o perímetro, colocado nun intento de reparar esta apertura e reforzar o vaso da pía.

Outras alteracións destacables son as numerosas manchas de óxido de ferro, sucidade superficial, manchas de pintura e morteiros de cemento (localizados no pé da pía e no interior do bordo superior). Toda a peza está moi afectada pola humidade.

A pedra en xeral presenta arenización e descohesión superficial.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- limpeza superficial en seco e eliminación de morteiros de cemento por medios mecánicos
- limpeza da superficie: retirada de gotas de pintura, manchas de oxido, etc.
- consolidación do material pétreo descohesionado mediante aplicación de silicato de etilo



- eliminación total ou parcial dos elementos metálicos, realizando tratamentos do óxido nos casos en que non se poida retirar
- consolidación estrutural das gretas
- tratamento de perdas volumétricas

BEN: igrexa de san Xurxo de Torres

SITUACIÓN: A Eirexa, Vilarmaior (A Coruña)

PROTECCIÓN: A igrexa de San Xurxo de Torres en Vilarmaior ten a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilarmaior aprobado definitivamente o 29.05.2006 (BOP nº 150 do 01 de xullo de 2006); conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

ACTUACIÓN: Reparación de paramentos exteriores da igrexa de san Xurxo de Torres, Vilarmaior (SAR 2023-0032)

INVERSIÓN ESTIMADA:	18.000,00€ (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO:	2 semanas
---------------------	---------------------------	------------------------------	-----------

DESCRIPCIÓN:

A igrexa está situada nunha área de características rurais, o edificio está rodeado dun murete perimetral que tamén pecha o camposanto. A planta é rectangular, cunha soa nave e presbiterio rectangular, á que se lle engadiu no seu muro septentrional a sancristía.

Os muros son de carga realizados en cachotería revocada, agás esquinais, cornixas e recercados de ocos en cantería vista. A cuberta principal é a dúas augas, mentres que o corpo da sancristía tan só posúe unha, toda ela con cubrición de tella plana e a sancristía de tella curva.

O interior do edificio é de extremada sobriedade: entre os espazos do presbiterio e da nave existe un arco toral apoiado sobre pilastras, a estrutura da cuberta é de madeira e ten un falso teito cunha bóveda de canón rebaixada executada con táboas. Aos pés da nave sitúase un coro alto feito a través dun forxado de formigón.

En canto a ornamentación, tan só cabe resaltar o sinxelo retablo do altar maior que non mostra unha adaptación ao espazo que ocupa.

Exteriormente, na fachada principal fíxose un revoco de cal con excepción dos esquinais, cornixa, zócalo e recercado de ocos. Remata cunha espadana con dous ocos para as campás.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

No ano 2021 rematouse a restauración da igrexa coa finalidade de dotala de seguridade estrutural e estanqueidade, promovida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Nese momento non foi posible realizar a renovación das fachadas porque era preciso que os muros recuperaran as condicións higrotérmicas de equilibrio.

A día de hoxe cómpre limpar os paramentos exteriores, sanear as revocaduras de cal e aplicar unha pintura de silicato.

Pór todo o anterior é prioritario mellorar a impermeabilización da igrexa para garantir a súa conservación.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:



- montaxe e desmontaxe de estadas
- limpeza de fungos e verdín dos paramentos
- reparación das revocaduras tradicionais de morteiro de cal
- aplicación de pintura de silicato.